

NOTA DE PRENSA DA ESCOLA DE ARQUITECTURA DA CORUÑA SOBRE AS SÚAS VINDEIRAS ACTIVIDADES CULTURAIS

DIA: venres 6.11.2009 / 11:30h

INAUGURACION DA EXPOSICION PERMANENTE “**LE CORBUSIER. 25+1 MAQUETAS PARA ENTENDER UNHA ARQUITECTURA**”. Coa colaboración da Fundación Barrié de la Maza

Lugar: área de Exposicións da Escola de Arquitectura da Coruña. Campus da Zapateira.

DIA: venres 6.11.2009 / 12:30H

Conferencia: **A CABANA DE HEIDEGGER**, por Adam Sharr, profesor titular da Welsh School of Architecture. Cardiff University / Prifysgol Caerdydd. Reino Unido

Lugar: salón de actos da Escola de Arquitectura da Coruña. Campus da Zapateira.

ACHÉGASE DOSSIER DETALLADO

INAUGURACION DA EXPOSICION PERMANENTE “LE CORBUSIER. 25+1 MAQUETAS PARA ENTENDER UNHA ARQUITECTURA”


Antecedentes

En 1997 un grupo de estudantes e profesores (Pedro de Llano, Antonio Amado, Manuel Franco, Xosé M. Rosales, José Ventura, Plácido Lizancos e Javier Vizcaíno) da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña comisariados polo primeiro deles, deseñaron cos materiais producidos tras anos de docencia, estudio e viaxes trala obra do arquitecto Le Corbusier, a exposición LE CORBUSIER, VIAXE AO MUNDO DUN CREADOR A TRAVÉS DE 25 ARQUITECTURAS.

Auspiciada e financiada pola Fundación Barrié de la Maza esta exposición estaba conformada por 70 paneis, con planos e fotografías, 25 maquetas dos edificios e unha maqueta especial: a reprodución a escala 1:1 dun dos edificios máis íntimos de Le Corbusier, a cabana que este levantou en 1952 na Costa Azul para retirarse. Un lugar cargado de simbolismo pois alí morreron el e a súa dona Yvonne. Esta construción está recoñecido como Monumento Nacional polo Estado francés. A exposición acompañábase cun ensaio colectivo, do mesmo título que a exposición (ISBN: 84-89748-11-X) sobre as obras expostas, hoxe esgotado.

Esta exposición itinerou por tódalas salas que en España expoñen arquitectura, como por exemplo a galería do MOPU en Madrid e mesmo chegou a montarse en Amsterdam na Beurs van Berlage.

Agora unha parte dos materiais daquela exposición retornan ao seu lugar de orixe, con intención de permanencia conformando unha equipaxe que se rebautiza como **“LE CORBUSIER. 25+1 MAQUETAS PARA ENTENDER UNHA ARQUITECTURA”** e se ofrece a calquera que estea interesado na mellor arquitectura que se produciu no mundo no século XX.



Petit Cabanon, plan of log cabin

Contidos

Vintecinco maquetas.

Rigorosas representacións tridimensionais, a escala dos edificios máis relevantes de Le Corbusier, como por exemplo a Ville Savoye, o Parlamento de Chandigarh na India, a Unité d`Habitation de Marsella ou a capela de Ronchamp, ambas en Francia ou a Casa Currutchet de La Plata, Arxentina.

Cabanon.

Reproducción a tamaño natural, realizada por vez primeira no mundo, da cabana de Le Corbusier de Roquebrune, Cap Martin, Francia.

Un exemplo excepcional de habitáculo mínimo, cunha habitabilidade máxima.

O proxecto de reconstrución foi realizado polo profesor da ETSAC Xosé M. Rosales. A execución material, polo taller de Carlos Piñeiro Carpintería.

Máis información

Escola de Arquitectura da Coruña: www.udc.es/etsa

Fundación Barrié de la Maza: www.fbarrie.org

Páxina do Cabanon na web do Ministerio de Cultura de Francia:

<http://www.evene.fr/culture/lieux/cabanon-le-corbusier-5887.php>

CONFERENCIA

“A CABANA DE HEIDEGGER. UN ESPAZO PARA PENSAR”

POR ADAM SHARR



Dende o verán de 1922, o filósofo Martin Heidegger (1889-1976) comezou a habitar unha pequena cabana nas montañas da Selva Negra, ao sur de Alemaña. Andando os anos, Heidegger traballou dende esa cabana en moitos dos seus máis famosos escritos, dende as súas primeiras conferencias deica os seus derradeiros e enigmáticos textos.

Por medio dunha secuencia narrativa Adam Sharr realiza un recorrido arredor da cabana, a súa contorna natural e o seu habitante. Unha análise que profunda nas circunstancias da súa construción, a propia configuración da cabana e o uso que o filósofo facía daquel espazo para, dende aí, apuntar unhas posibles claves que permitan establecer a relación entre o xeito de habitar esta cabana e o pensamento de Heidegger.

Adam Sharr é arquitecto e profesor titular na Welsh School of Architecture da Universidade de Cardiff, Reino Unido. O seu ensaio *Heidegger's Hut* foi publicado polo MIT Press en 2006. A súa versión española é de Gustavo Gili, 2008

O AUTOR: ADAM SHARR

Senior Lecturer and Fifth Year Chair na Welsh School of Architecture. Cardiff University / Prifysgol Caerdydd



Liñas de investigación

Relacións entre teoría e práctica na arquitectura.

Arquitectura como evolvente das ideas dos individuos e as culturas que as habitan, constrúen, manipulan e deseñan. Memoria cultural. Cualidade, cuantificación e coñecemento na arquitectura. Arquitectura e fenomenoloxía. Gusto, experiencia e día a día. Primitivismo e postcolonialismo. Arquitectura e realismo máximo. Historia da arquitectura británica da posguerra (especialmente os seus métodos de deseño, tipoloxía e a ciencia do uso do solo).

Editor da serie de libros *Thinkers for Architects* con Routledge. A serie pretende expoñer o que determinados ideólogos ofreceron aos arquitectos, ubicar o seu pensamento arquitectónico no contexto da súa obra, introducir textos representativos e arquitectos notables cara os puntos destacados do deseño.

O seu propio libro *Heidegger for Architects* (2007) dialoga co traballo do filósofo no asunto do lugar e do habitar, e con cuestións tales como a autenticidade e o rexionalismo.

Traballos actuais

- *The Sedimentation of Memory*: un *paper* sobre a memoria cultural, construído dende un caso particular en Berlín: unha serie de exemplos que analizan como a arquitectura toma actitudes con respecto do pasado.
- *Leslie Martin and the Science of Architectural Form*: un *paper* sobre o modelo de coñecemento institucionalizado na cultura Británica por Martin e os seus asociados na década dos sesenta e primeiros setenta.
- *Architecture, Subversiveness and Magical Realism*: un *paper* explicando a aplicación na experiencia arquitectónica propia do realismo máximo – en particular a obra de Gabriel García Márquez – como modo de explorar prácticas de deseño.

MÁIS INFO

Escola de Arquitectura da Coruña: www.udc.es/etsa

Oficina de Adam Sharr: www.adamsharr.com

Páxina sobre o libro no catálogo da MIT Press:

<http://mitpress.mit.edu/catalog/author/default.asp?aid=33108>